

**Enquisa de condicións de vida das familias. Módulo de hábitos culturais. Ano 2006**

**COMUNICADO**

**SÓ UN 13% DOS GALEGOS DE CINCO OU MÁIS ANOS VAI AO CINE CANDO MENOS UNHA VEZ AO MES**

**CASE DOUS TERZOS DOS GALEGOS DE CINCO OU MÁIS ANOS ESTÁN VENDO A TELEVISIÓN ENTRE AS 10 E AS 12 DA NOITE.**

**MÁIS DUN TERZO DOS GALEGOS DE 50 OU MÁIS ANOS CORRE OU CAMIÑA VARIAS VECES Á SEMANA.**

**DE LUNS A VENRES, ENTRE AS 4 E AS 8 DA TARDE, MÁIS DUN 40% DOS NENOS DE 5 A 9 ANOS VEN A TELEVISIÓN SÓS.**

Só un 13,2% da poboación galega de cinco ou máis anos asiste ao cine de forma habitual (cando menos unha vez ao mes). As porcentaxes son superiores para Pontevedra (15,2%) e A Coruña (13,3%) e menores para Lugo e Ourense (9,9% e 11,4%). Porén, se consideramos os que van de forma esporádica ao cine (algunha vez ao ano) a porcentaxe aumenta ata o 34,3% para Galicia.

En canto aos que non asisten nunca ao cine, destaca a alta porcentaxe que presenta Ourense na categoría “nunca, porque non dispón dese servizo preto do seu fogar” (37,7%) que duplica a porcentaxe galega (16,7%). Esta provincia é a única na que esa categoría presenta unha porcentaxe superior á de “nunca, por outros motivos”.

**PERSOAS SEGUNDO A FRECUENCIA DE ASISTENCIA AO CINE**

	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	Galicia
Cada semana	2,0	1,2	2,8	2,1	2,0
Cada mes	11,3	8,7	8,6	13,1	11,2
Algunha vez ao ano	36,1	31,0	22,3	37,6	34,3
Nunca, porque non dispón dese servizo preto do seu fogar	13,9	17,2	37,7	12,2	16,7
Nunca, por outros motivos	36,6	41,9	28,6	35,1	35,8
<b>Total</b>	<b>100,0</b>	<b>100,0</b>	<b>100,0</b>	<b>100,0</b>	<b>100,0</b>

Fonte: IGE

**Considerando as persoas de 16 ou máis anos, o nivel de estudos é unha variable que marca diferenzas acusadas na asistencia ao cine.** Así o 27,2% das persoas que teñen estudos superiores asisten ao cine habitualmente. Esa porcentaxe cae ata o 9,1% nas persoas que non teñen educación superior. O mesmo sucede coas persoas que asisten esporadicamente ao cine (49,7% para os que teñen educación superior e 27,4% para os que non a teñen)

PERSOAS SEGUNDO A FRECUENCIA DE ASISTENCIA AO CINE. DISTRIBUCIÓN SEGUNDO O NIVEL DE ESTUDOS			
	Educación non superior	Educación superior	Total
Cada semana	1,3	5,1	2,1
Cada mes	7,8	22,1	10,7
Algunha vez ao ano	27,4	49,7	31,9
Nunca, porque non dispón dese servizo preto do seu fogar	20,3	5,5	17,3
Nunca, por outros motivos	43,3	17,5	38,1
<b>Total</b>	<b>100,0</b>	<b>100,0</b>	<b>100,0</b>

Fonte: IGE

**A variable tamaño de municipio tamén marca diferenzas na asistencia ao cine.** Así, nos concellos máis grandes a porcentaxe das persoas de cinco ou máis anos que asisten habitualmente é do 20,1% fronte a 11,1% dos concellos de tamaño intermedio e 9,1% para os máis pequenos. Esta tendencia mantense nas porcentaxes dos que asisten esporadicamente ao cine.

Analizando as porcentaxes das persoas que non asisten ao cine, vemos que a categoría “nunca, por outros motivos” presenta porcentaxes relativamente similares independentemente do tamaño. Pero, na categoría “nunca, porque non dispón dese servizo” as diferenzas son moi acusadas: 27,2% para os concellos máis pequenos, 9,0% para os medianos e 4,3% para os máis grandes.

PERSOAS SEGUNDO A FRECUENCIA DE ASISTENCIA AO CINE				
	Ata 20.000 hab.	De 20.000 a 50.000 hab.	Máis de 50.000 hab.	Total
Cada semana	1,5	2,0	2,8	2,0
Cada mes	7,6	9,1	17,3	11,2
Algunha vez ao ano	26,9	40,1	42,8	34,3
Nunca, porque non dispón dese servizo preto do seu fogar	27,2	9,0	4,3	16,7
Nunca, por outros motivos	36,8	39,9	32,9	35,8
<b>Total</b>	<b>100,0</b>	<b>100,0</b>	<b>100,0</b>	<b>100,0</b>

Fonte: IGE

**Outra variable significativa na asistencia ao cine, neste caso analizándoa para os nenos e mozos de 5 a 29 anos que viven cos seus pais, é a presenza dese hábito**

**cando menos nun dos pais.** Así, se polo menos un dos pais é espectador habitual de cine, o fillo tamén o é cunha frecuencia maior que se non se observa ese hábito nos pais. Por exemplo, para o grupo de idade de 5 a 14 o fillo é espectador habitual nun 79,2% dos casos se ao menos un dos pais o é, fronte ao 9,6% cando ningún dos pais o é. Esta convivencia nos hábitos de pais e fillos no fogar mantense para os seguintes tramos de idade (79,1% de mozos de 15 a 19 anos son espectadores habituais cando algún dos pais o é, e 68,7% para os de 20 a 29).

Non obstante, coa idade medra a porcentaxe dos mozos que adquiren o hábito por si mesmos, aínda que ningún dos seus pais o presente (o 23,9% dos mozos de 15 a 19 anos son espectadores habituais sen que o sexa ningún dos seus pais, e 32,2% para os de 20 a 29 anos).

HÁBITOS PRESENTES NOS FILLOS SEGUNDO OS HÁBITOS DOS SEUS PAIS						
Pai espectador de cine habitual	Fillo espectador de cine habitual					
	De 5 a 14 anos		De 15 a 19 anos		De 20 a 29 anos	
	Si	Non	Si	Non	Si	Non
Si	79,2	20,8	79,1	20,9	68,7	31,3
Non	9,6	90,4	23,9	76,1	32,2	67,8

Fonte: IGE

**Entre as 10 e as 12 da noite é a franxa horaria na que unha maior porcentaxe de galegos de cinco ou máis anos ven a televisión (66,1% de luns a venres e 62,7% sábado e domingo).** Non obstante, se analizamos os datos por provincias, esta franxa horaria é a máis frecuente para A Coruña e Pontevedra, pero en Lugo e Ourense a que presenta unha frecuencia maior é entre as 8 e as 10 da noite. Este comportamento é común para toda a semana, tanto de luns a venres como o sábado e o domingo.

Outras bandas horarias cunha frecuencia alta son entre as 2 e as 4 da tarde e as 8 e as 10 da noite.

PERSOAS SEGUNDO AS FRANXAS HORARIAS (DE LUNS A VENRES) NAS QUE ACOSTUMA A VER A TELEVISIÓN					
	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	Galicia
Entre as 7 e as 10 horas	2,7	2,9	4,4	3,6	3,2
Entre as 10 e as 14 horas	7,8	10,1	9,8	4,9	7,3
Entre as 14 e as 16 horas	44,3	52,3	52,1	47,5	47,4
Entre as 16 e as 20 horas	25,8	20,3	24,8	21,7	23,6
Entre as 20 e as 22 horas	53,9	63,5	62,0	48,0	54,1
Entre as 22 e as 24 horas	70,3	58,0	61,6	65,8	66,1
Entre as 24 e as 7 horas	4,1	4,2	3,4	4,0	4,0

Fonte: IGE

PERSOAS SEGUNDO AS FRANXAS HORARIAS (SÁBADO E DOMINGO) NAS QUE ACOSTUMA A VER A TELEVISIÓN					
	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	Galicia
Entre as 7 e as 10 horas	2,5	2,0	3,7	2,9	2,7
Entre as 10 e as 14 horas	10,7	12,9	11,5	8,8	10,4
Entre as 14 e as 16 horas	44,8	55,6	51,3	47,1	47,8
Entre as 16 e as 20 horas	28,6	24,3	30,0	24,8	27,0
Entre as 20 e as 22 horas	53,6	63,7	60,6	45,8	53,1
Entre as 22 e as 24 horas	66,8	56,0	59,0	61,7	62,7
Entre as 24 e as 7 horas	4,8	5,0	3,9	5,3	4,9

Fonte: IGE

**As “noticias” e as “películas” son o tipo de programas máis vistos polos galegos de cinco ou máis anos de ambos sexos.** As categorías onde o sexo é unha variable que marca diferenzas son “deportes” (un 63,5% para os homes e un 20,6% das mulleres), e “telenovelas” (un 5,3% para os homes e un 24,7% para as mulleres)

PERSOAS QUE VEN OS SEGUINTE TIPOS DE PROGRAMAS DE TELEVISIÓN SEGUNDO O SEXO. GALICIA			
	Homes	Mulleres	Total
Noticias	82,3	82,7	82,5
Películas	71,1	69,8	70,4
Series	50,0	61,9	56,2
Entretemento e concursos	46,1	61,5	54,1
Documentais	45,9	40,9	43,3
Deportes	63,5	20,6	41,1
Musicais	24,3	27,9	26,1
Infantís	16,9	17,0	16,9
Telenovelas	5,3	24,7	15,4

Nota: Non se inclúe "Outros" por falta de tamaño de mostra.

Fonte: IGE

**O número medio de horas que os galegos de cinco ou máis anos ven a televisión é de 2 horas e 34 minutos.** Dito número medio é lixeiramente superior a fin de semana (2 horas e 42 minutos) que de luns a venres (2 horas e 31 minutos).

Esta variable a penas presenta diferencias por provincias, simplemente é lixeiramente maior en Ourense (2 horas con 52 minutos), e menor en A Coruña (2 horas con 29 minutos).

## NÚMERO MEDIO DE HORAS DEDICADAS A VER A TELEVISIÓN

	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	Galicia
Número medio horas (de luns a venres)	2:27	2:31	2:49	2:31	2:31
Número medio horas (sábado e domingo)	2:35	2:45	2:58	2:43	2:42
<b>Total</b>	<b>2:29</b>	<b>2:35</b>	<b>2:52</b>	<b>2:34</b>	<b>2:34</b>

Fonte: IGE

**Un 26,7% dos galegos de cinco ou máis anos dedica máis de 3 horas a ver a televisión durante a fin de semana. Esta porcentaxe redúcese ao 4,2% de luns a venres.** Non obstante, de luns a venres presenta unha alta frecuencia a categoría “máis dunha hora e menos de dúas horas” e é relativamente alta tamén a categoría “máis de dúas horas e menos de tres”. Este comportamento é común a tódolos grupos de idade, incluso nos nenos de 5 a 9 anos e de 10 a 14 anos.

## PERSOAS SEGUNDO O NÚMERO DE HORAS (DE LUNS A VENRES) QUE DEDICA A VER A TELEVISIÓN SEGUNDO A IDADE. GALICIA

	Idade					Total
	De 5 a 9	De 10 a 14	De 15 a 29	De 30 a 49	De 50 ou máis	
Ata unha hora	32,2	22,3	16,9	17,1	14,4	16,8
Máis dunha hora e ata dúas horas	45,6	41,9	44,1	46,4	36,5	41,7
Máis de dúas horas e ata tres horas	15,8	22,8	21,8	20,5	22,3	21,4
Máis de tres horas	0,7	2,3	3,0	2,9	6,3	4,2
<b>Total</b>	<b>100,0</b>	<b>100,0</b>	<b>100,0</b>	<b>100,0</b>	<b>100,0</b>	<b>100,0</b>

Fonte: IGE

## PERSOAS SEGUNDO O NÚMERO DE HORAS (SABADO E DOMINGO) QUE DEDICA A VER A TELEVISIÓN SEGUNDO A IDADE. GALICIA

	Idade					Total
	De 5 a 9	De 10 a 14	De 15 a 29	De 30 a 49	De 50 ou máis	
Ata unha hora	21,5	13,9	22,0	18,6	16,5	18,3
Máis dunha hora e ata dúas horas	37,2	30,7	32,3	35,3	32,4	33,4
Máis de dúas horas e ata tres horas	23,4	26,0	20,3	21,2	22,0	21,6
Máis de tres horas	17,9	29,4	25,4	24,9	29,2	26,7
<b>Total</b>	<b>100,0</b>	<b>100,0</b>	<b>100,0</b>	<b>100,0</b>	<b>100,0</b>	<b>100,0</b>

Fonte: IGE

**Dos nenos de 5 a 9 anos que ven a televisión na franxa horaria de 4 a 8 da tarde, de luns a venres, un 40,9% están sempre sós, sen a compañía dun adulto.** Cara a noite esta porcentaxe redúcese (26,6% para os nenos desa idade que ven a televisión na franxa horaria de 8 a 10 da noite e do 16,8% na franxa de 10 a 12 da noite).

Durante a fin de semana, as porcentaxes de nenos destas idades que ven a televisión sós aumentan nas franxas horarias da mañá e diminúen nas da

tarde.

NENOS DE 5 A 9 ANOS QUE VEN A TELEVISIÓN SOS OU ACOMPANADOS DUN ADULTO NAS DISTINTAS FRANXAS HORARIAS						
	De 7a 10	De 10 a 14	De 14 a 16	De 16 a 20	De 20 a 22	De 22 a 24
<b>De luns a venres</b>						
Sempre sós	35,4	32,2	21,6	40,9	26,6	16,8
Parte sós e parte acompañados	9,0	6,4	7,1	8,4	9,6	28,6
Sempre acompañados	55,6	61,4	71,3	50,7	63,8	54,6
<b>Total</b>	<b>100,0</b>	<b>100,0</b>	<b>100,0</b>	<b>100,0</b>	<b>100,0</b>	<b>100,0</b>
<b>Sábado e domingo</b>						
Sempre sós	45,1	42,7	20,6	27,3	18,0	12,9
Parte sós e parte acompañados	2,9	1,9	8,5	12,2	10,1	15,0
Sempre acompañados	51,9	55,5	70,9	60,5	71,9	72,1
<b>Total</b>	<b>100,0</b>	<b>100,0</b>	<b>100,0</b>	<b>100,0</b>	<b>100,0</b>	<b>100,0</b>

Fonte: IGE

### A metade da poboación galega de cinco ou máis anos practica deporte de forma habitual ou esporádica.

As porcentaxes de Pontevedra (55,8) e A Coruña (53,7) son lixeiramente superiores á media galega (53,6) mentres que Lugo e Ourense presentan porcentaxes un pouco inferiores 49,7 e 51,4 respectivamente). Destaca a alta porcentaxe que presenta Ourense na categoría “non, por non dispor de instalacións axeitadas” que practicamente triplica a do resto das provincias.

PERSOAS QUE PRACTICAN DEPORTE					
	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	Galicia
<b>Si</b>	<b>53,7</b>	<b>49,7</b>	<b>51,4</b>	<b>55,8</b>	<b>53,6</b>
<i>deportista habitual</i>	45,0	41,4	43,2	45,1	44,4
<i>deportista esporádico</i>	8,7	8,3	8,2	10,7	9,3
<b>Non, por non dispor de instalacións axeitadas</b>	<b>9,4</b>	<b>10,3</b>	<b>28,4</b>	<b>9,8</b>	<b>12,0</b>
<b>Non, por outros motivos</b>	<b>36,9</b>	<b>40,0</b>	<b>20,2</b>	<b>34,4</b>	<b>34,4</b>
<b>Total</b>	<b>100,0</b>	<b>100,0</b>	<b>100,0</b>	<b>100,0</b>	<b>100,0</b>

Fonte: IGE

Dese 53,6% de galegos de cinco ou máis anos que practican deporte, a gran maioría (un 44,4%) é deportista habitual, entendendo como tal aquel que practica un deporte varias veces á semana ou varios deportes (tres ou máis) cunha frecuencia de varias veces ao mes.

**Os deportes cunha maior frecuencia na súa práctica son “correr ou camiñar”, e en menor medida, “natación”, “fútbol” e “fitness”.**

PERSOAS QUE PRACTICAN DIVERSOS DEPORTES		
	Correr ou camiñar	Natación
Varias veces á semana	32,5	5,6
Varias veces ao mes	4,7	2,3
Esporadicamente	4,1	5,3
Nunca	58,8	86,8
<b>Total</b>	<b>100,0</b>	<b>100,0</b>
	Fútbol	Fitness
Varias veces á semana	7,4	7,2
Esporadicamente	2,1	1,6
Nunca	90,5	91,3
<b>Total</b>	<b>100,0</b>	<b>100,0</b>

**A presenza de hábitos deportivos nos pais é unha variable significativa na práctica de deporte dos fillos. Para os nenos e mozos de 5 a 29 anos que viven cos seus pais, se polo menos un dos pais practica deporte de forma habitual, o fillo tamén o fai cunha frecuencia maior que se non se observa ese hábito nos pais.** Por exemplo, para o grupo de idade de 5 a 14 o fillo é deportista nun 83,9% dos casos se ao menos un dos pais o é, fronte ao 58,8% cando ningún dos pais o é. Esta convivencia nos hábitos de pais e fillos no fogar mantense para os seguintes tramos de idade aínda que as porcentaxes de convivencia de hábitos son menores (70,5% de mozos de 15 a 19 anos e 58,7% para os de 20 a 29).

No caso dos deportes, a porcentaxe de mozos que practican deporte de forma habitual diminúe coa idade. Esta diminución constátase tanto se os pais teñen o hábito como se non.

- Así cando ningún dos pais é deportista habitual, as porcentaxes de fillos deportistas habituais son: o 58,8% para os nenos de 5 a 14 anos, 43,5% para os mozos de 15 a 19 anos e 33,4 % para os de 20 a 29 anos.
- Cando algún dos pais é deportista habitual, as porcentaxes de fillos deportistas habituais tamén decrecen coa idade, pero sempre son superiores para cada tramo de idade as do caso anterior: o 83,9% para os nenos de 5 a 14 anos, 70,5% para os mozos de 15 a 19 anos e 58,7 % para os de 20 a 29 anos.

## HÁBITOS PRESENTES NOS FILLOS SEGUNDO OS HÁBITOS DOS SEUS PAIS

Pai deportista habitual	Fillo deportista habitual					
	De 5 a 14 anos		De 15 a 19 anos		De 20 a 29 anos	
	Si	Non	Si	Non	Si	Non
Si	83,9	16,1	70,5	29,5	58,7	41,3
Non	58,8	41,2	43,5	56,5	33,4	66,6

Fonte: IGE

**Un 41,5% de galegos de cinco ou máis anos leu algún libro, non relacionado coa súa profesión ou estudo, durante os últimos doce meses.** Porén, un 7,1% son lectores habituais (leron seis ou máis libros nos últimos doce meses) e un 34,4% son lectores esporádicos (leron menos de seis libros).

Por provincias, A Coruña e Pontevedra presentan porcentaxes lixeiramente superiores á galega (43,2% e 45,1% respectivamente) mentres que en Lugo e Ourense son significativamente inferiores ( 34,4% e 32,9% respectivamente).

## PERSONAS QUE LERON ALGÚN LIBRO NOS ÚLTIMOS DOCE MESES

	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	Galicia
<b>Leron algún libro</b>	<b>43,2</b>	<b>34,4</b>	<b>32,9</b>	<b>45,1</b>	<b>41,5</b>
<i>Lector habitual</i>	7,4	4,7	4,9	8,6	7,1
<i>Lector esporádico</i>	35,8	29,7	28,1	36,5	34,4

Fonte: IGE

**Para cada tramo de idade, a porcentaxe de mulleres que leu algún libro nos últimos doce meses é maior que a de homes do mesmo tramo, excepto para as persoas de 65 ou máis anos.**

## PERSONAS QUE LERON ALGÚN LIBRO NOS ÚLTIMOS DOCE MESES SEGUNDO O SEXO E A IDADE. GALICIA

	Idade					Total
	De 5 a 14	De 15 a 19	De 30 a 49	De 50 a 64	De 65 ou máis	
Homes	66,0	43,1	39,5	29,6	15,7	36,0
Mulleres	74,4	66,6	59,7	37,2	14,4	46,5
<b>Total</b>	<b>70,1</b>	<b>54,7</b>	<b>49,7</b>	<b>33,4</b>	<b>14,9</b>	<b>41,5</b>

Fonte: IGE

**Para a poboación de 16 ou máis anos, o nivel de estudos demostra ser unha variable con alta influencia na lectura de libros.** Así, só un 7,1% das persoas sen estudos secundarios leu algún libro nos últimos doce meses. Esta porcentaxe elévase ao 35,4% nas persoas con educación secundaria e ao 74,2% nas persoas con educación superior.



PERSONAS QUE LERON ALGUN LIBRO NOS ULTIMOS DOCE MESES SEGUNDO O NIVEL DE ESTUDOS. GALICIA				
	Educación non secundaria	Educación secundaria	Educación superior	Total
Leron algún libro	7,1	35,4	74,2	38,8

Fonte: IGE

A presenza de hábitos de lectura nos pais é unha variable significativa na presenza dese hábito nos fillos. Para os nenos e mozos de 5 a 29 anos que viven cos seus pais, se polo menos un dos pais é lector habitual, o fillo tamén o é cunha frecuencia maior que se non se observa ese hábito nos pais. Por exemplo, para o grupo de idade de 5 a 14 o fillo é lector habitual nun 54,5% dos casos se ao menos un dos pais o é, fronte ao 35,2% cando ningún dos pais o é. Esta convivencia nos hábitos de lectura de pais e fillos no fogar mantense para os seguintes tramos de idade aínda que as porcentaxes de convivencia de hábitos diminúen coa idade dos mozos (33,9% de mozos de 15 a 19 anos e 41,2% para os de 20 a 29).

No caso da lectura, a porcentaxe de mozos que len habitualmente e adquiriron eles ese hábito, e dicir cando ningún dos pais o presenta, tamén diminúe coa idade (35,2% para os nenos de 5 a 14 anos, 20,5% para os mozos de 15 a 19 anos e 16,6 % para os de 20 a 29 anos).

HÁBITOS PRESENTES NOS FILLOS SEGUNDO OS HÁBITOS DOS SEUS PAIS						
Pai lector habitual	Fillo lector habitual					
	De 5 a 14 anos		De 15 a 19 anos		De 20 a 29 anos	
	Si	Non	Si	Non	Si	Non
Si	54,5	45,5	33,9	66,1	41,2	58,8
Non	35,2	64,8	20,5	79,5	16,6	83,4

Fonte: IGE

**Para máis información:**

**Publicacións relacionadas**

*Enquisa de condicións de vida das familias. Principais resultados. Ano 2006*

Instituto Galego de Estatística  
 Complexo Administrativo San Lázaro s/n  
 15703 Santiago de Compostela (A Coruña)  
 Teléfono de información: 981.54.15.89 (de 9:00 a 14:00 horas)  
 FAX: 981.54.13.23  
 Comunicados en: <http://www.ige.eu>